

Información ás familias sobre confinamentos do alumnado.

Este documento recolle como se levarán a cabo as clases na aula do seu/súa fillo/a nos seguintes casos:

- Confinamento ou peche da aula na súa totalidade
- Peche total do centro
- Confinamento dun ou varios/as alumnos/as na aula

Tanto o peche dunha ou varias aulas, o peche do centro ou confinamento de alumnado dunha aula, é unha decisión que adoptan as Autoridades Sanitarias, non a dirección do centro.

Tamén se recolle aquí como se comunicará coa familia o centro e o profesorado que imparte clase na aula.

Despois de tomada a decisión do peche da aula ou do centro, aplicarase o chamado Plan de Continxencia (está publicada na web do colexio www.colecarino.net a súa última actualización).

1.- Comunicación co centro e a persoa titora.

Cando a familia necesite comunicarse coa directora do centro farase a través do teléfono 881880334 ou do correo ceip.manuel.fraga@edu.xunta.gal

A comunicación da titora coas familias realizarase a través de AbalarMobil, correo electrónico, teléfono ou videoconferencia.

2.- Planificación docente para o ensino non presencial.

Áreas	Procedemento de traballo.
Lingua Galega Lingua Castelá Matemáticas Ciencias da Natureza Ciencias Sociais	<p>O ensino non presencial desenvolverase a diario na plataforma Edixgal complementado, de ser o caso, por videoconferencias. Para manter a interacción entre o docente e o discente empregaremos o foro e a mensaxería como ferramenta de organización, comunicación e resolución de posibles dúbidas que lles poidan xurdir. As diferentes actividades, contidos, tarefas, lecturas... serán presentadas nun tema creado semanalmente para tal fin nas diferentes áreas de Edixgal. As correccións e o seguimento do alumnado farase a través das ferramentas propias desta plataforma ou ben empregando o correo electrónico.</p> <p>No caso de peche do centro, para aquel alumnado que non dispón de acceso a Internet nos seus fogares e, polo tanto non pode seguir a ensinanza online coma os seus compañeiros, deseñaranse actividades que o alumno/a realizará na súa casa e entregará ao titor/a para a súa corrección unha vez que se reincorpore ao centro. No caso de peche da aula, intentarase sincronizar os contidos de Edixgal para que o alumnado confinado poida traballar offline.</p> <p>Para aqueles alumnos/as que falten á clase de forma illada, deseñei unha materia máis na plataforma Edixgal onde vou subindo diariamente as tarefas realizadas na aula para que o neno/a que non puido asistir ao cole continúe a súa aprendizaxe no fogar igual que os seus compañeiros/as de aula. Esta materia conta co foro correspondente para a resolución de dúbidas.</p>

Educación Física	<p>O traballo publícase na aula virtual por quincenas. Existen tres apartados: un espazo para a lectura e a visualización de vídeos, as tarefas para realizar durante esa quincena, e unha proposta de actividade física.</p> <p>A comunicación co mestre para as consultas e resolución de dúbidas será mediante foros e a mensaxería. O alumnado poderá ser convocado a videoconferencias.</p> <p>En caso de confinamentos breves e co alumnado con dificultades para a conexión utilizarase unha libreta para a realización das tarefas. Esta libreta debe ser entregada ao incorporarse de novo ao centro para a revisión.</p>
Inglés	<p>Traballarase principalmente mediante a plataforma Edixgal.</p> <p>Publicaranse tarefas semanais para as que o alumnado terá que proporcionar unha resposta (realizar exercicios nos libros virtuais, fichas interactivas, elaborar e subir documentos de texto ou doutro tipo, etc).</p> <p>En caso de que haxa algún alumno/a sen posibilidade de acceder a internet desde o seu domicilio pode intentarse sincronizar os contidos de Edixgal para poder traballar offline.</p> <p>Segundo o tipo de tarefa que se lle pida en cada caso ao alumno/a, poderíase recibir a entrega por medio do correo electrónico.</p> <p>O contacto coas familias e titorías tería lugar a través de AbalarMóbil e do teléfono.</p>
Música	<p>No caso da ensinanza online, publicarase na aula virtual/Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia.</p> <p>Para calquera dúbida, a comunicación coa mestra será a partir da aula virtual/Edixgal, ou ben do espazo Abalar.</p> <p>Ditas tarefas poden subirse á aula virtual, envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital o alumnado realizará igualmente as actividades (que a profesora remitirá a un correo familiar), tamén publicadas quincenalmente, en follas soltas que deberá entregar feitas ao incorporarse ao centro.</p>
Plástica	<p>No caso da ensinanza online, publicarase na aula virtual/Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia.</p> <p>Para calquera dúbida, a comunicación coa mestra será a partir da aula virtual/Edixgal, ou ben do espazo Abalar.</p> <p>Ditas tarefas poden subirse á aula virtual, envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital o alumnado realizará igualmente as actividades (que a profesora remitirá a un correo familiar), tamén publicadas quincenalmente, en follas soltas que deberá entregar feitas ao incorporarse ao centro.</p>
Relixión	<p>O traballo para facer publicarase en Edixgal de forma semanal.</p> <p>A entrega de traballos farase a través de correo electrónico, mensaxería ou a través de Edixgal.</p> <p>No caso de familias con dificultades tecnolóxicas poderase enviar o traballo ao correo electrónico das familias (se o solicitan).</p>

	O contacto coas familias terá lugar a través de Abalar Móbil, correo electrónico e do teléfono.
Robótica	O alumnado durante o tempo de confinamento ou corentena, se a súa situación persoal o permite, ten a obriga de continuar o seu traballo segundo o seu horario e planificación que determina o profesorado neste documento. Para a avaliación do alumnado terase en conta a asistencia e a participación nas actividades educativas que propoña o profesorado O espazo de traballo será a aula virtual. No curso de Robótica. Por quincenas se fará unha proposta de reto para o alumnado que debe resolver en Scratch e publicar no foro do curso. O foro e a mensaxería serán os instrumentos para resolver dúbidas e poñerse en contacto co mestre.
Pedagogía Terapéutica	Os alumnos están matriculados no seu curso de Edixgal, así coma nun curso específico para cada alumno ou grupo dos tres (queda por decidir coa titora) para a súa atención por parte dos especialistas do departamento de orientación (orientadora e PT). As actuacións para a programación de actividades e tarefas para o fogar serán: <ul style="list-style-type: none"> - Incluir pautas para o alumno e a súa familia para a realización das tarefas. - Primar as actividades en liña e autocorrectivas na medida do posible. - Temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades dos alumnos e o tempo que vaian permanecer no fogar. - Teranse en conta os contidos que se traballen na súa aula ordinaria, para complementar ou adaptar as actividades en coordinación coa titora. - Se nalgún dos casos houberse dificultades de acceso a internet na súa casa, recompilarase o material impreso necesario para que o/os alumno/s poidan progresar no seu aprendizaxe na súa casa, na mesma liña na que se facía no colexio. - Elaborar vídeos demostrativos para actividades manipulativas, se é o caso.
Audición e Linguaxe	O alumno está matriculado en Edixgal do seu curso, así coma nun curso específico (titulado “AULA AL”) para a súa atención por parte da especialista en audición e linguaxe. As actuacións para a programación de actividades e tarefas para o fogar serán: <ul style="list-style-type: none"> - Subiranse diversos materiais a Edixgal secuenciados para a súa realización dende o fogar. - Temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades do alumno e o tempo que vaia permanecer no fogar. - Daranse pautas ás familias para traballar co neno.

2.1.- Equipamento necesario para o seguimento das clases a distancia.

Para o seguimento das clases o alumnado do proxecto Edixgal dispón dun ordenador portátil.

2.2.- Solicitude de equipamento.

No caso de confinamento do alumnado, as familias poden poñerse en contacto co colexio para comunicar a necesidade dun equipo informático e/ou unha conexión a internet, se non dispón no seu fogar, ou non ten posibilidade de obtelo, para poder seguir desde a casa a actividade educativa.

O colexio remitirá a solicitude ao departamento correspondente da Consellería de Educación. De ser aceptada a solicitude, entregarase o equipamento á familia unha vez asinado o "Acordo de Cesión".

3.- Horarios.

3.1.- Confinamento dun/dunha alumno/a.

No caso de confinamento dun alumno/a seguirase o horario habitual da clase.

3.2.- Confinamento do grupo.

No caso de confinamento do grupo seguirase o horario habitual da clase.

3.3.- Peche do centro.

No caso de peche do centro o horario espello da clase será o seguinte:

6ºB					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00 10:45	Matemáticas María B.	Matemáticas María B.	Matemáticas María B.	Lingua Cast María B.	Matemáticas María B.
10:45 11:30	Música Marta D.	L.Gal/L.Cast María B.	Lingua Gal María B.	Ciencias Nat María B.	Inglés Jesús O.
11:30 12:15	Lingua Cast María B.	Relixión Manuel S.	Titoría María B.	Ciencias Soc María B.	Lingua Gal María B.
12:15 13:00	Ciencias Soc María B.	Plástica Marta D.	Inglés Jesús O.	EF Fran M.	Robótica Fran M. Reforzo María B.

3.4.- Titoría co alumnado.

A sesión de titoría co alumnado será o mércores de **11:30 - 12:15** horas.

O horario da profesora de PT será o luns e xoves de **10:00-10:45** horas

O horario da especialista en Audición e Linguaxe será o luns de **12:15-13:00** horas.

3.5.- Titoría coas familias.

A sesión de titoría coas familias será o xoves de **11:30 - 12:15**.

O horario espello de atención telemática ás familias por parte da orientadora será os martes á hora que se conveña a reunión.

4.- Procedemento de avaliación para o ensino non presencial.

Segundo a resolución do 18 de novembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Real decreto lei 31/2020, do 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria, os criterios de avaliación e promoción serán os actualmente vixentes e cuxas normas se relacionan no anexo da devandita resolución.

Asemade, durante o tempo de confinamento ou corentena, se a súa situación persoal o permite, o alumnado ten a obriga de continuar o seu traballo segundo o horario e planificación que determina o profesorado neste documento. Para a súa avaliación terase en conta a asistencia e a participación nas actividades educativas propostas.

5.- Normas de organización e funcionamento para o ensino a distancia.

En primeiro lugar, debemos ter en conta que os **dereitos e deberes** para o alumnado e profesorado seguirán sendo os mesmos.

En canto ao resto de normas, en xeral, serán as mesmas. Os cambios, debido á nova situación de peche, están recollidos no Plan de Continxencia citado anteriormente.

Principalmente deberemos ter en conta que será considerada como **aula**, a todos os efectos, a **aula virtual/Edixgal**.